

ANUNCIO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA NO NADAL 2024/2025

O Alcalde o día 18-12-2024 ditou a seguinte resolución con número 852/2024:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA NO NADAL 2024/2025

EXPEDIENTE: 2024/G003/000905

ANTECEDENTES:

Logo de ver o disposto no artigo 8 da Orde de 23/10/2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas (DOG nº 219 de 30.10.2020), segundo o cal corresponderá aos concellos segundo o disposto no artigo 5 f) da Lei 10/2017, de 27 de decembro, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Logo de ver o disposto no artigo 9 da citada Orde segundo a cal: “Artigo 9. *Ampliacións de horarios*

1. *Ao amparo do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*

2. *Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

3. *A efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos os incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos os incluídos, e polo Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos os incluídos.*

4. *En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, **en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche** dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

5. *Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.”*

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

Primeiro: Autorizar a seguinte ampliación de horario aos establecementos hostaleiros nas noites do:

- 24 ao 25 de decembro de 2024: 1 hora
- 31 de decembro de 2024 ao 1 de xaneiro de 2025: 2 horas

- 5 ao 6 de xaneiro de 2025: 1 hora

Segundo: Publicar a presente resolución no BOP e taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, martes 17 de decembro de 2024. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, xoves 19 de decembro de 2024. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.